| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | VILAGARCÍA DE AROUSA |
| **Edificio** | Igrexa de San Cristovo do convento de Vistalegre |
| **Dirección** | Rúa Vista Alegre s/n. Vilagarcía de Arousa. 36600 |
| **Localización** | Espadana |
| **Nombre** | **Maior.** |
| **Medidas (cm)** | Diámetro (en cm) 65 \| Bordo \| Altura do bronce \| Peso aproximado (en quilogramos)159 kg |
| **Fundidor** | DE LA VEGA CAMPO, JUAN MANUEL (1743-1817) |
| **Ano de fundición** | 1773 |
| **Descricion** | Campá maior pendurada do oco dereito da espadana. Fundida en 1773 por Juan Manuel de la Vega en San Pedro de Orazo, A Estrada (Pontevedra). Ten unha medida estimada duns 65 cm de diámetro.<br>Presenta unha oración en latín dividida en dous tramos. No primeiro tramo situado no terzo: "ECCE ? CRVCEM ? DOMINE ? FVGITE ? PARTES ? ADVERSÆ ?" e no segundo tramo situado no medio pé: "VICIT ? LEO ? DE ? TRYBV YVDA RADIX ? DAVID ?". Esta oración que se presenta nesta campá é unha oración de tradición popular que recolle que San Antón a deu a unha pobre muller que buscaba axuda contra as tentacións do demo. O Papa Sixto V (franciscano) mandouna esculpir na base do obelisco que fixo erixir na praza de San Pedro en Roma. Na súa tradución podemos ler: “He aquí a Cruz do Señor. Fuxide inimigos da salvación. Venceu o León da tribu de Xudá, descendente de David". Esta breve oración ten todo o sabor dun pequeno exorcismo. |
| **Fotos** | 5 |
| **Toques** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Protección** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | CARRERA, Anxo & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 17-05-2026 |

Folla completa da campá: Maior. Igrexa de San Cristovo do convento de Vistalegre - VILAGARCÍA DE AROUSA

PDF (24-06-2026)